

## Actividades de Cedofeita

### De novembro a novembro

A presentación dun novo número da Revista da nosa Asociación sociocultural, este xa fai o número 14, é un motivo de gran satisfacción neste momento na que as actividades culturais se ven sensiblemente afectadas pola falla de axudas das administracións, caso da Secretaría Xeral de Política Lingüística ó non convocar ningunha como facía en pasados anos, e só coas cotas dos socios e da esperada axuda económica do noso Concello ó abeiro de "Bases e convocatoria para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura no ano 2010", poderemos levar a cabo esta actividade, como así foi o pasado ano grazas a concesión desa axuda convocada no BOP. Así de xeito cíclico fomos realizando unha serie de actividades na defensa do noso patrimonio histórico, etnográfico, ambiental e cultural ó través de todo o ano, no que salientaremos:

#### XVI Xornadas micolóxicas.

O noso grupo Sendeiriña organizou unha charla na tarde do venres 23 de outubro, impartida polo noso presidente –experto micólogo- que foi completada coa saída ó monte na mañá do sábado, e malia que o tempo estivo chuvioso puidemos



recoller cogomelos abondosos, en especial boletos, que degustamos nese mesmo serán con culinaria saborosa e variada.

#### Presentación da Revista nº 13.



O mércores 25 de novembro, presentamos na Galería Sargadelos de Pontevedra o número 13 da nosa revista na que se recollen diversos traballos históricos –verbo do "castellum de Citofacta", Valentín Peña, Casimiro Gómez e o Balneario de Lérez, do "Teleclub de Lérez", "música e músicos da parroquia", e sobre a "traxedia do metílico" entre outros-, de temas educativos, de ecoloxía,

sobre cultivos, humor, etc. que foi seguido polo numeroso público que enchía a sala. Presentación na que interviñeron o Presidente da Asociación Xosé Álvarez, o secretario da mesma Xosé Luis Estévez que fixo a introdución, e por parte dos autores dos escritos: Ramón Jáudenes Peña que glosou o artigo sobre o seu avó "Valentín Peña, unha voz contra a inxustiza",

Xosé M. Pereira verbo de "Casimiro Gómez e o Balneario do Lérez", J. Enrique Abalo sobre "Algunhas recomendacións para evitar os problemas de conduta dos fillos/as", e na que se contou coa interpretación de varias pezas polo grupo Os Alegres.

## Asemblea

Na noite do 11 de marzo celebrouse a Asemblea Ordinaria cunha asistencia aceptable por parte dos asociados e asociadas que nesas datas acadaban o número de 118. No que se aprobou a acta da sesión anterior, deuse lectura e memoria de actividades, o estado de contas e orzamento para o próximo exercicio e o plano de actividades para o ano 2010.

## Roteiros

Este ano organizamos dous:

O do domingo 25 de abril sobre "Os cruceiros de Lérez" no que un numeroso de grupo de persoas participantes coñeceron a riqueza artística e histórica dos trece da nosa parroquia dende o de A Santiña ó de Casaldarado, pasando polo do Cruceiro ou o da Tranca. Roteiro que contou coas explicacións de Xosé Álvarez e co apoio dun espléndido tríptico sobre a tipoloxía dos mesmos –de portal, adosados e exentos-, dos elementos comúns e da súa simboloxía.



Tamén na mañá do domingo 23 de maio, cun moi bo día por certo, realizouse o roteiro dende o parque das Illas das Esculturas/Xunqueira do Cobo polas beiras do Lérez até o encoro de Bora. O traxecto

serviu para dar a coñecer aspectos da flora, fauna, históricos e socioeconómicos en torno o noso río.



## Viaxe cultural



No domingo 6 de xuño tivo lugar a tradicional viaxe cultural no que a potenciación da relación entre os socios asistentes e o lecer se combina co axeitado coñecemento dos aspectos históricos e artísticos, sociais e gastronómicos da

zona a visitar, neste ano polas Terras de Soneira –castelo de Vimianzo-, Fisterra, Carnota e Muros.



## Exposición

Nos días 5,6,7 e 8 de agosto levouse a cabo a XVI Exposición "Cedofeita: as raíces de Lérez. Exposición documental e fotográfica" realizada pola nosa Asociación en dependencias do Mosteiro, e no que mediante 12 paneis reflectíase a documentación histórica coñecida, como a que aporta o Tombo A da catedral compostelá, da Doazón de Ordoño II do Mosteiro de Lérez ó abade Guntado, do Foro de Pontevedra, do Livro do Concello ata sobre o Pai Sarmiento na Viaxe a Galicia (1745) ou de textos de Otero Pedrayo ou García de la Riega e máis actuais como os de Rodríguez Figueiredo.



## Feira Franca



O sábado 4 de setembro, coa recreación popular da XI Feira Franca, Privilexio concedido a cidade de Pontevedra en 1467 polo rei Enrique IV polo San Bartolomeu. E neste ano a Asociación ademais de exhibir un mostrario dos tinguidos dos obradoiros dos anos anteriores, nesta o noso obradoiro realizouse sobre a fabricación de papel a partir de vexetais, en especial palla de trigo e centeo.



## Outras participacións e colaboracións.

Ó longo destes últimos doce meses a asociación Cedofeita colaborou no Consello Aberto da Feira Franca co Concello, co REAL, coa Asociación Cultural O Burgo, coa asociación Verbo Xido, coa Irmandade Xurídica Galega na homenaxe o finado xeneral da garda civil Gonzalo Jar e socio de Cedofeita, coas Asociacións da parroquia, etc.



A mostra organizada pola Asociación Cedofeita estará aberta ata o domingo, no

# Lérez presume de fortaleza

Chelo Lago

PONTEVEDRA/ LA VOZ O mosteiro de Lérez acolle ata o domingo a exposición *Cedofeita: as raíces medievais*, que xira ó redor dese nome se localizaba no monte Castelo da devandita parroquia, e a súa importancia histórica, aínda descoñecida para moitos pontevedreses. Este castelo, coñecido como Citozas arcebispaís compostelás e no século XII.

Trátase da mostra anual da Asociación Sociocultural Cedofeita e nela faise un repaso ás circunstancias históricas de

se enclave, dende as primeiras referencias documentais aparecidas na doazón que o rei Ordoño II fai a Guntado, abade do mosteiro de Lérez, no ano 916, últimos tempos.

Figura tamén documentación do Tombo A da Catedral de Santiago, na que aparece a «exquisito magna» de Afonso V, no ano 1019, na que se fai referencia á edificación da torre de Cedofeita polo bispo Sisanmo que concedeu o foro á cidad de Pontevedra, donou a fortaleza de Cedofeita a igrexa compostelá, logo de ser recuperada das mans das tropas

portuguesas de Afonso Henrique. Esta recuperación, segundo a entidade organizadora, ten unha compoñente milagrosa a través dun raio que aterra e facilita a conquista incruenta da fortaleza.

Doce paneis conforman esta mostra, nos que non faltan referencias ao estado actual do queoloxicos que dan fe da antigüidade da poboación da zona. Tamén complétase con armaduras e traxes medievais.

A exposición pódese ver ata domingo incluído, en horario de 11 a 14 horas polas mañás, e de 19 a 22 horas, polas tardes.

## OFERTA DE OCIO

**MOSTEIRO DE LÉREZ | 11.00 HORAS**

### Cedofeita presenta las raíces medievales de la parroquia

La Asociación Cedofeita inaugura hoy, en el mosteiro de Lérez su tradicional exposición que en esta ocasión lleva por título *Cedofeita: As raíces medievais*. Gira en torno a la fortaleza medieval que se localizaba en el monte Castelo, Lérez, y que sigue siendo una gran desconocida para los pontevedreses, a pesar de la importancia que tuvo en el medievo. La muestra está formada por varios paneles en los que se ofrece un repaso histórico y se aporta documentación e ilustraciones, además de referencias al estado actual del lugar. En la inauguración está prevista la intervención musical de Manuel Franco, de A Cendona-Lérez, y un recital de piano del también músico lezrezano, Severiano Casalderrey. La muestra podrá visitarse en horario de 11 a 14 y de 19 a 22 horas, hasta el próximo domingo, día 8, incluído.

## Una exposición pondrá en valor las raíces medievales de Lérez

PONTEVEDRA. La Asociación Sociocultural Cedofeita de Lérez presentará esta semana, un año más, su exposición. En esta ocasión, la cita (que se desarrollará entre los días 5 y 8 de agosto y que lleva por título *Cedofeita: as raíces medievais*), girará alrededor de la fortaleza medieval que con este nombre se erigía en el monte Castelo (en la citada parroquia). «Por desgracia sigue a ser unha gran desconocida para os pontevedreses en xeral, a pesares da importancia que tivo na época», explica o vicepresidente da agrupación sociocultural, Jaime Iglesias.

La muestra hará un repaso a las circunstancias históricas de este enclave, desde las primeras referencias documentales aparecidas en la donación que el rey de Galicia Ordoño II hace a Cuntade, abad del monasterio de Lérez, en el año 916, hasta los trabajos publicados en los últimos años. La exposición estará abierta al público en horario de 11.00 a 14.00 horas y de 19.00 a 22.00 horas.

**ACTUACIONES.** El acto de inauguración, que tendrá lugar este jueves día (11.00 horas), estará amenizado por el sonido de la gaita de Manuel Franco, vecino de A Cendona (Lérez). Durante la siguiente jornada, a las 20.00 horas y en el mismo lugar (monasterio de Lérez), los asistentes podrán asistir a un recital de piano, que correrá a cargo del músico lezrezano Severiano Casalderrey, vecino del lugar de O Castelo.

Las actuaciones musicales serán totalmente gratuitas, tal y como recordaron ayer desde la asociación.

## La Asociación Sociocultural Cedofeita recupera la memoria medieval

La fortaleza medieval es una gran desconocida para los pontevedreses en general, a pesar de la importancia que tuvo en aquella época, y es el motivo de la exposición que todos los años realiza la Asociación Sociocultural Cedofeita de Lérez. El título de la muestra es *Cedofeita* y se dedica a enseñar las raíces y tradiciones medievales que giran alrededor de la fortaleza medieval.

La muestra fue un repaso sobre las circunstancias históricas apoyándose en las primeras referencias documentales del año 916, hasta los trabajos publicados en los últimos

tiempos. La exposición constaba de doce paneles, en ella se pudieron apreciar numerosos documentos e ilustraciones de cada etapa de la historia de la fortaleza. Tampoco faltaron las referencias al estado actual del lugar de asentamiento de Cedofeita y de los estudios arqueológicos de la antigüedad que le faltan a la población de esta zona.



La exposición, ZARA BARBILA

## 'Cedofeita' abre la exposición que devuelve a Pontevedra a la Edad Media

A.S.G.

A localidadiariodopontevedra.com

PONTEVEDRA. La asociación cultural Cedofeita de Lérez inauguró su ya tradicional exposición. El nombre con el que se ha bautizado es *Cedofeita: as raíces medievais*.

La exposición sobre las raíces medievales del Lérez, inaugurada el pasado jueves día 11 de julio, resalta la grandeza de la fortaleza situada en Castelo, un monumento desconocido por muchos, que muestra la historia medieval de la ciudad del Lérez.

Un repaso desde las primeras referencias documentales aparecidas en la donación que el rey de Galicia ordoño II hizo a Cuntade, datas del año 916, hasta los trabajos publicados en los últimos años.

La muestra se mantendrá abierta al público hasta el próximo día 8, en la asociación cultural Cedofeita de Lérez, en horario de 11.00 a 14.00 horas y de 19.00 a 22.00 horas.

## Lérez recupera la memoria medieval

A asociación Cedofeita

REDACCIÓN Pontevedra

A asociación sociocultural Cedofeita de Lérez organiza, un ano máis, unha exposición temática para divulgar a historia medieval. Nesta ocasión leva por título *Cedofeita: as raíces medievais* e o tema da mesma xira ó redor da fortaleza medieval que con ese nome se localizaba no monte Castelo (Lérez) e que, por desgracia, segue a ser unha grande desconocida para os pontevedreses en xeral, a pesar da importancia que tivo na época medieval», explica o viceseio da asociación, Jaime Iglesias.

### Documentos

A mostra fai un repaso ás circunstancias históricas deste enclave, dende as primeiras referencias documentais aparecidas na doazón que o rei Ordoño II fai a Guntado, abade do mosteiro de Lérez, no ano 916, ata os traballos publicados nos últimos tempos.

A mostra non deixa de lado a documentación contida no

«Tombo A» da catedral de Santiago Magna de Afonso V, no ano 1019, na que fai referencia á edificación da torre de Cedofeita polo bispo Sisanmo. Tamén é importante a doazón que fai o rei Fernando II -o que concede o foro á cidade de Pontevedra- da fortaleza de Cedofeita á igrexa compostelá, logo de ser recuperada das mans das tropas portuguesas de Afonso Henrique.

Esta recuperación ten unha compoñente milagrosa a través dun raio que aterra os ocupantes portugueses e facilita a conquista incruenta da fortaleza.



Directivos de Cedofeita durante a presentación da súa revista. «RV»

## Las raíces medievales de Lérez

La muestra hará un repaso a las circunstancias históricas de este enclave, desde las primeras referencias documentales aparecidas en la donación que el rey de Galicia Ordoño II hace a Cuntade, abad del monasterio de Lérez, en el año 916, hasta los trabajos publicados en los últimos años. La exposición estará abierta al público en horario de 11.00 a 14.00 horas y de 19.00 a 22.00 horas.

### Horario

A exposición terá lugar no mosteiro de Lérez, dende mañán até o 8 de agosto, ambos incluídos, en horario de 11.00 a 14.00 e de 19.00 a 22.00 horas.

O acto de inauguración celebrábase mañán, ás once da mañá e de seguido haberá unha interpretación musical a cargo de Manuel Franco, da Cendona-Lérez. O venres 6, ás oito da tarde, ofrecerá un recital de piano o músico lezrezano do lugar do Castelo, Severiano Casalderrey. A asociación sociocultural Cedofeita convida a todos os veciños a visitar esta mostra de acceso libre e de balde.